

ASISTENTES:

Cándido Pérez Betanzos	da CIG
Ramón Barreiro García	da CIG
Mª José Montero Vilariño	da CIG
Carlos Mollinedo Lois	da CIG
Mercedes Alonso Alonso	de CCOO
Francisco Javier Fernández Martínez	de CCOO
Carlos Román Lago	da UGT
Manuel Velasco Graña	Delegado Sindical de CCOO

Reunidos nos locais sindicais do Campus de Vigo ás 11 horas da mañá, procédese a estudar os temas expostos na orde do día.

1. Lectura e Aprobación da Acta anterior:

Adíase á vindeira reunión.

2. Informe do Presidente:

- Icorporación do técnico en actividades deportivas: Infórmase da incorporación ó seu posto de traballo do especialista en actividades deportivas Eduardo Rodríguez e dos cambios e ceses que /a sua volta xenera
- Vacante ATB en Belas Artes: Dase conta da petición de cambio de quenda, feita por Maite Cimadevila, no caso de que se dera unha vacante de ATB, en quenda de mañá, na Facultade de Belas Artes.
- Proposta Cursos de formación: Dita proposta enviosue a tódolos centros e está disponible tamén na Web do Intercentros. A directora da Biblioteca de Teleco enviou a súa proposta o C.I..
- Acordo Xunta de Goberno da Universidade de Santiago: Por se fora do noso interés se informa dun acordo da Xunta de Goberno da Universidade de Santiago que regula as prácticas dos alumnos nesta universidade
- Elaboración de Acta: Infórmase a todo o Comité que a acta da reunión que mantivemos co xerente para falar de productividade xa está feita.

- Cursos de Acces, correo electrónico e seguridade nos laboratorios:
Dase conta de que estos cursos xa están convocados
- Recepción de Acordos de Xunta de Goberno: Chegaron ó Comité os acordos da Xunta de Goberno celebrada o 2 de decembro.

3. Asuntos de Trámite:

- Recurso de Reposición á R.R. de 22-10-99: Na Resolución Rectoral de 3/12/1999 resólvese anular o nomeamento de D. José Manuel Velo García para ocupar o posto de Director dos Servicios Informáticos. Se constata que pese a dita Resolución D. José Manuel Velo García segue a enviar mensaxes como Director dos Servicios Informáticos.

4. Anteproxecto do Convenio Colectivo: Incorporación de modificacións e estratexia de negociación:

Dase conta do tratado na primeira reunión negociadora.
Pasamos a discutir os apartados do Convenio remitidos pola Xerencia:
Réxime disciplinario e os capítulos I, II, III, IV e V.

5. Outros asuntos a proposta dos membros do Comité:

Non hai.

6. Rogos e preguntas:

Non hai.

ACORDOS:

- Non hai

Fdo: Luis José Olivares Requejo
(Secretario)

VºBº: Cándido Pérez Betanzos
(Presidente)